

Prólogo

O material didáctico que aquí se presenta, *Matemáticas en pé de igualdade*, foi o gañador do accésit do I Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo «Antonia Ferrín Moreiras».

A Unidade de Igualdade desta universidade creou este galardón co obxectivo de incentivar a elaboración deste tipo de ferramentas para impartir a docencia e contribuír así á excelencia universitaria.

A introdución da perspectiva de xénero é un indicador de calidade da docencia universitaria e a excelencia só se pode acadar cunha ensinanza onde a transmisión de valores igualitarios para formar ao alumnado e capacitálo profesionalmente se aplique de xeito transversal.

Esta convocatoria responde á acción «Apoiar a elaboración de guías docentes e de material que permita a inclusión da perspectiva de xénero nos obxectivos, contidos, estratexias, linguaxe etc.» que se recolle no obxectivo operativo 2 do eixe 3 do I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012-2014) aprobado no Consello de Goberno do 12 de novembro de 2012.

Agradézolles especialmente a Elena Vázquez Cendón, presidenta do xurado e a Encina Calvo Iglesias, Raquel Martínez Buján e Mercedes Oliveira Malvar, vogais, a súa participación como xurado deste premio e a súa xenerosidade para compartir experiencias e coñecementos.

Anabel González Penín

Directora da Unidade de Igualdade

Secretaria do xurado

Vigo, outubro de 2013

En aquel miserable hangar pasamos los años más felices de nuestra vida, consagrados por completo al trabajo. (...) Sumida en la quietud de la atmósfera de investigación sentía una dicha infinita, y me exaltaba con los progresos que permitían abrigar la esperanza de lograr mejores resultados aún...

Rosa Montero

La ridícula idea de no volver a verte

O rexeitamento do alumnado feminino por carreiras de ciencia e de tecnoloxía débese non só á existencia duns estereotipos de xénero na sociedade. Lembremos que, en 2005, o reitor da Universidade de Harvard tivo que renunciar por suxerir que a pouca representación feminina en ciencias e en enxeñarías podería deberse a unha menor aptitude das mulleres para asuntos matemáticos ou científicos. Outra das razóns fundamentais é que as calidades atribuídas á ciencia «obxectividade, razón e cultura» atribúenselle ao home en oposición á muller, existindo un reforzo mutuo entre os dous constructos «científico e masculino». Por iso, para combater esta visión androcéntrica da ciencia e avanzar como sociedade na igualdade necesitamos de materiais didácticos onde aparezan os homes e as mulleres que contribuíron a seu desenvolvemento, incorporando á outra metade da ciencia «as exiliadas»:

las mujeres que en la historia de la ciencia son como las partículas: fundamentales pero invisibles. O como el Sol: aunque no las veamos siempre están.

Valeria Edelzstein

Científicas cocinan, limpian, y ganan el Nobel (y nadie se entera)

O texto que presentamos axudará a acadar a equidade que botamos en falta nas aulas e que é froito do descoñecemento e da invisibilidade. A selección de personaxes relevantes da historia das matemáticas, homes e mulleres, permite coñecer, admirar e recoñecer as súas achegas. Poñerlles cara ás fórmulas, aos teoremas e aos métodos, e situalos dentro dos proxectos vitais das personaxes, permitirá achegalos a estudantes e a mestras e mestres de diferentes xeracións.

Situar as e os personaxes no seu contexto histórico permitíranos comprender, por exemplo, a influencia de ideas matemáticas, como a cuarta dimensión, en movementos artísticos como o cubismo; contribuíndo deste xeito á correcta alfabetización científica e artística que necesita a nosa sociedade.

As xeracións de persoas nadas na era dixital, en que impera o inmediato, teñen que saber valorar o tempo requirido noutros momentos para facer cálculos e a valía dalgunhas contribucións teóricas que están agardando polas súas achegas para ser aplicadas e implementadas con novas tecnoloxías. Do mesmo xeito, que teñen que coñecer os grandes pasos dados por moitas mulleres con contornos pouco propicios, e cuestionarse se a socialización que tanto as envolve, nomeadamente a elas, non estará a causar a invisibilidade doutras épocas como efecto do exceso de información.

Elena Vázquez Cendón

Presidenta do xurado do premio

Profesora titular da USC do Departamento de Matemática Aplicada

Membro do Seminario Mulleres e Universidade da USC e

da Comisión de Mulleres e Matemáticas da RSME

Encina Calvo Iglesias

Vogal do xurado do premio

Profesora titular da USC do Departamento de Física Aplicada

Unha das súas liñas de investigación é a introdución da perspectiva de xénero na docencia

Santiago, setembro de 2013